



UNIVERSIDADE DE

CONSELLO SOCIAL  
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

13 DEC. 1999

ENTRADA N.º 54



**RESOLUCIÓN RECTORAL DO 7 DE DECEMBRO POLO QUE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA ENCOMENDA A XESTIÓN DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS OFERTADAS NA PROPIA UNIVERSIDADE (ACTUANDO ESTA COMO EMPRESA) Ó CONSELLO SOCIAL**

O Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos universitarios de carácter oficial e validez no territorio nacional, modificado polo Real Decreto 1267/1994 do 10 de xuño establecen os requisitos que deben reunir os créditos de libre elección que realice o estudante para a flexible configuración do seu currículo.

A Universidade de Santiago de Compostela, dedicada a actividades de docencia e investigación, ten a vontade de facilitar ós seus alumnos unha formación práctica que poderán realizar na propia institución ( a Universidade tamén é unha empresa) que lles permita ter unha alternancia coa formación teórica, e á súa vez lograr a súa mellor cualificación e futura adaptación á realidade social.

O Consello Social da universidade está a colaborar nesta formación práctica dos alumnos a través dos convenios asinados con empresas e asociacións de empresarios para a realización de prácticas dos alumnos con resultados moi positivos, polo que nas condicións reguladas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (artigo 15) procede encomendar ó Consello Social da Universidade a xestión da Convocatoria das Prácticas en Empresas na Universidade que se realizará consonte ás seguinte bases:

**PRIMEIRA: OBXECTO DA ENCOMENDA DE XESTIÓN**

A Universidade de Santiago recoñece como créditos de libre elección para tódolos planos de estudo, conducentes a títulos oficiais e validez en todo o territorio nacional, as prácticas en empresas que realicen os alumnos nos diferentes Centros e Servicios da propia Universidade de Santiago de Compostela, a través das convocatorias que ó respecto faga o seu Consello Social co fin de completa-la formación recibida polos alumnos nas aulas.

**SEGUNDA: NORMAS DE APLICACIÓN**

As prácticas realizadas polos alumnos como consecuencia do acordo da Xunta de Goberno do 29 de outubro de 1999 deberán axustarse á seguinte normativa:

- Real Decreto 1497/1987, do 27 de novembro, sobre directrices xerais comúns dos planos de estudo dos títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, modificado polo Real Decreto 1267/1994, do 10 de xuño.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Real Decreto 1497/1981, de Presidencia do Goberno de 19 de xuño sobre Programas de Cooperación Educativa modificado polo RD 1845/1994 do 9 de setembro do Ministerio da Presidencia.
- Resolución do 12 de novembro de 1998 polo que se acorda refundi-las normas de xestión académica da USC (DOG do 14 de xaneiro de 1999).

## **TERCEIRA: SUBJECTOS DAS PRÁCTICAS**

Poderán participar nestas prácticas os alumnos de tódalas titulacións que imparta a Universidade de Santiago de Compostela e que no momento de solicitá-las teñan superado o 50 % dos créditos necesarios para obter o título universitario das ensinanzas que están cursando e no momento da asignación non estean en disposición de obter a titulación. No caso de tratarse de planos de estudo non renovados, deberán atoparse nos dous últimos anos de carreira e co primeiro ciclo superado.

## **CUARTA: SELECCIÓN E PROCEDEMENTO**

O Consello Social levará a cabo o rexistro e selección dos alumnos que opten á realización das prácticas ó abeiro da normativa que ós efectos teña aprobada a Universidade e mailo Consello Social para a realización destas prácticas .

A Xerencia da Universidade será o órgano responsable da coordinación das prácticas e definirá os centros, departamentos e servizos nos que os alumnos poderán realiza-las prácticas así como o número de prazas designando un titor en cada dependencia para a súa supervisión.

A Xerencia enviará as prazas ofertadas ó Consello Social para que este realice a correspondente convocatoria . Esta oferta deberá conter os seguintes requisitos:

Número de prazas

Lugar, tempo e horario de realización das mesmas

Titulación do alumno

Titor responsable da dependencia na que o alumno realizará as prácticas

Titor ou órgano universitario responsable

A relación entre a Universidade e o alumno non comportará vinculación laboral algunha.

O alumno estará acollido durante o período das prácticas polo Seguro Escolar.

## **QUINTA: EQUIVALENCIA DOS CRÉDITOS QUE SE RECOÑECEN E NÚMERO MÁXIMO DE HORAS**

Os créditos que se recoñezan serán de libre elección e estará en función do número de horas de prácticas feitas polo alumno. A súa equivalencia é de 30 horas: 1 crédito. O tempo máximo de realización das prácticas será de 500 horas . En todo caso rexerá o acordo da Xunta de Goberno da Universidade de Santiago do 22 de decembro de 1998 que fixa en 500 horas o máximo de prácticas en empresas que pode realizar un alumno como créditos de libre elección.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

## **SEXTA: RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS**

Unha vez finalizado o período de prácticas, e sen prexuízo de calquera outra acreditación, expedirase unha certificación consonte o modelo aprobado pola Universidade (r.r. do 27 de novembro de 1997) pola que se recoñecerán os créditos de libre elección que en cada caso lle corresponda ó alumno. O acto de recoñecemento devengará os prezos públicos segundo o número de créditos que se recoñecen. O pagamento dos prezos públicos e mailo certificado de recoñecemento son documentos suficientes para imputar no expediente académico do alumno os créditos de libre elección que lle correspondan.

## **SÉTIMA: COMISIÓN DE COORDINACIÓN**


Establécese unha Comisión de coordinación das prácticas, formada por un representante do Vicerrectorado de Ordenación Académica e Titulacións, un da Xerencia e outro do Consello Social. A Xerencia e mailo Consello Social instrumentarán, de común acordo, os mecanismos para a incorporación dos alumnos e calquera outra cuestión necesaria para levar a cabo esta encomenda de xestión.

## **OITAVA: DURACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN**

Esta encomenda de xestión aplicarase dende o momento que se publique a presente resolución e a súa duración será de dous cursos académicos, podendo en todo caso a universidade retomar a xestión no caso de que as circunstancias nas que se produciu a resolución non sexan as mesmas.

Santiago de Compostela, 7 de decembro de 1999

**O RECTOR,**



**Darío Villanueva Prieto**

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Sr. Presidente do Consello Social, Sr. Secretario Xeral da Universidade, Srs. Decanos e Directores de Centro, Srs. Directores de Departamento, Sra. Xerente, Sr. Vicexerente do Campus de Lugo, Sr. Xefe da Asesoría Xurídica, Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr. Director do COIE, Sr. Director do SEIN, Srs. Xefes das Unidades de Xestión Académica.